

Na instancia correspondente, que irá dirixida ao Sr. Alcalde, deberán figurar o nome, apelidos, idade e domicilio do interesado, e xunto coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia autenticada do D.N.I.
- Certificación, expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria de non estar incurso en causa que impida ó acceso ó posto.
- Méritos que se considere se poden facer valer para optar ó cargo

A Cañiza, a 5 de agosto de 2011.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2011008033

* * *

DOZÓN

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía CHOUSA VELLA S.C., licenza municipal para EXPLOTACIÓN AVÍCOLA EXTENSIVA, POLOS CAMPEIROS, a situar en Abeledo - La O, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo –que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA– poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 20 de xullo de 2011.—O/A Alcalde/sa, ilexible.

2011007868

* * *

O GROVE

RECADACIÓN MULTAS MEDIO AMBIENTE - CONCELLO DE O GROVE

E D I T O

ACTO QUE SE NOTIFICA: Incoación de expedientes sancionadores.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación de incoación dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de protección do medio ambiente, de limpeza pública e de recollida de lixo polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo indicado no boletín de denuncia, feito do que se ten constancia no expediente.

AUGUSTO TEIXEIRO, LUÍS e 5 máis.

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á publicación:

1. Mediante ingreso na conta 2080-0037-00-0040014688 de Caixanova, indicando número de expediente, nome e enderezo do infractor e polo importe total da notificación.
2. Mediante xiro postal dirixido á Oficina de Recadación de Multas do Concello, sita en Rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, facendo constar nº de expediente, nome e domicilio do infractor.

3. Persoalmente nas Oficinas de Recadación de Multas do Concello, sita na rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, que permanece aberta ao público de luns a xoves de 9 a 14 h. e de 16 a 18 h. e o vernes de 9 a 14 h.

MEDIOS DE IMPUGNACIÓN

“O abeiro do disposto no artigo 16 del RPS, o denunciado poderá interpoñer, ante a Alcaldía deste Concello, no prazo de quince días hábiles seguintes á recepción da presente notificación (reducíndose o prazo a 10 días hábiles se a infracción se tramita polo procedemento simplificado), as alegacións que estime conveniente, indicando o nome completo e a dirección do infractor, podendo aportar e solicitar cantas probas estime convenientes.

D) OBRIGACIÓN DE REPOÑER (Art. 72 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia)

“Sen perxuízo da sanción penal ou administrativa que se impuxera, quenes infrinxan a presente lei terán a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

Quenes sexan responsables das infraccións en materia de medio ambiente deberán indemnizar polos danos e perxuízos causados.

Relación de suxeitos a que se refire este Edito:

SANCIONADO/A	Nº EXP	IMPORTE	ARTIGO
AGUSTO TEIXEIRO, LUÍS	SA00188	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
BUGARIN DOMÍNGUEZ, ABEL	SA00170	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
GARCÍA GUILLAN, VIVENCIO	SA00178	1.500.00 €	110.4 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
HERNÁNDEZ DÍAZ, YOLANDA	SA00167	100.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
PEREIRA BECERRA, ANA PAOLA	SA00182	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
REBOIRAS GONDAR, JOSÉ YAMANDU	SA00200	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

O Grove, 20 de xullo de 2011.—O Alcalde, ilexible.

2011007905

RECADACIÓN MULTAS MEDIO AMBIENTE - CONCELLO DE O GROVE

EDITO

ACTO QUE SE NOTIFICA: Resolución de alegacións con proposta de sanción.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación da resolución de alegacións con proposta de sanción ditada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de protección do medio ambiente, de limpeza pública e de recollida de lixo polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

BOTELLA RUÍZ CASTILLO, SILVIA e 1 máis.

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á publicación:

1. Mediante ingreso na conta 2080-0037-00-0040014688 de Caixanova, indicando número de expediente, nome e enderezo do infractor e polo importe total da notificación.

2. Mediante xiro postal dirixido á Oficina de Recadación de Multas do Concello, sita en Rua Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, facendo constar nº de expediente, nome e domicilio do infractor.

3. Persoalmente nas Oficinas de Recadación de Multas do Concello, sita na rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, que permanece aberta ao público de luns a xoves de 9 a 14 h. e de 16 a 18 h. e o vernos de 9 a 14 h.

MEDIOS DE IMPUGNACIÓN

“Contra a precedente proposta de sanción, poderá vostede alegar o que estime pertinente e presentar os documentos que teña por oportunos durante o prazo máximo de 15 días hábiles a partires do seguinte ao da notificación desta resolución.

D) OBRIGACIÓN DE REPOÑER (Art. 72 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia)

“Sen perxuízo da sanción penal ou administrativa que se impuxera, quenes infrinxan a presente lei terán a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

Quenes sexan responsables das infraccións en materia de medio ambiente deberán indemnizar polos danos e perxuízos causados.

Relación de suxeitos a que se refire este Edito:

SANCIÓNADO/A	NIF/CIF	Nº EXP	IMPORTE	ARTIGO
BOTELLA RUIZ CASTILLO, SILVIA	SA00158	30.00 €	110.3	ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
MUDANZAS ANFORA GUARDAMUEBLES	SA00150	30.00 €	110.3	ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

O Grove, 20 de xullo de 2011.—O Alcalde, ilexible.

2011007907

RECADACIÓN MULTAS MEDIO AMBIENTE - CONCELLO DE O GROVE

E D I T O

ACTO QUE SE NOTIFICA: Resolución sancionadora.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación da resolución sancionadora ditada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de protección do medio ambiente, de limpeza pública e de recollida de lixo polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

DA SILVA MONTAOS, NEMESIO e 4 máis.

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á publicación:

1. Mediante ingreso na conta 2080-0037-00-0040014688 de Caixanova, indicando número de expediente, nome e enderezo do infractor e polo importe total da notificación.

2. Mediante xiro postal dirixido á Oficina de Recadación de Multas do Concello, sita en Rua Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, facendo constar nº de expediente, nome e domicilio do infractor.

3. Persoalmente nas Oficinas de Recadación de Multas do Concello, sita na rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, que permanece aberta ao público de luns a xoves de 9 a 14 h. e de 16 a 18 h. e o vernos de 9 a 14 h.

MEDIOS DE IMPUGNACIÓN

“Contra o precedente acto de imposición de sanción (ingreso de Dereito Público), soamente poderá interpoñerse recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou a resolución impugnada dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. De non producirse resolución expresa do recurso de reposición interposto, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa presentación, entenderase desestimado segundo o establecido no art. 14 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito.

D) OBRIGACIÓN DE REPOÑER (Art. 72 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia)

“Sen perxuízo da sanción penal ou administrativa que se impuxera, quenes infrinxan a presente lei terán a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

Quenes sexan responsables das infraccións en materia de medio ambiente deberán indemnizar polos danos e perxuízos causados.

Relación de suxeitos a que se refire este Edito:

SANCIIONADO/A	Nº EXP	IMPORTE	ARTIGO
DA SILVA MONTAOS, NEMESIO	SA00106	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES ARDIA	SA00136	601.00 €	110.4 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
IRAJO VILLANUEVA, JORGE	SA00139	100.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
JULIAN MARIN MONTOYA	SA00128	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
MANZANO DÍAZ, JOSÉ	SA00138	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

O Grove, 20 de xullo de 2011.—O Alcalde, ilexible.

2011007906

A N U N C I O

Aprobada definitivamente, por non presentarse reclamacións na súa contra, a Ordenanza municipal de policía e bo goberno e medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público do concello do Grove, que fora aprobada inicialmente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2011, publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada pódese interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA DE POLICÍA, BO GOBERNO E MEDIDAS PARA FOMENTAR E GARANTIR A CONVIVENCIA CIDADÁ NO ESPAZO PÚBLICO DO CONCELLO DO GROVE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxectivo principal desta ordenanza é o de preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, de ocio, de encontro e de recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais e á pluralidade de expresións e de formas de vida diversas existentes no concello do Grove. Súmase pois, e nalgúns aspectos actualízase e mellórase, ás previsións xa contidas noutras ordenanzas